

Hai que ter coidado co equilibrio entre impermeabilización e ventilación: non é bo impermeabilizar completamente as paredes.



## Os locais húmidos: os baños

### 43. Como eran?

Hai moi pouco tempo as vivendas carecían de cuarto de baño. Adoitábase instalar un retrete na galería ou na horta, cando non nun descanso da escaleira, para uso común dos habitantes dun edificio. Para lavarse utilizábanse barreños ou o propio vertedoiro de pedra da cociña, e a auga quentábase sobre o lume da lareira.

### 44. Como son agora?

Xa imprescindible en todas as vivendas, o baño necesita un lavabo, un váter, un bidé e unha bañeira ou, polo menos, un prato de ducha. Estes aparatos poden estar xuntos ou separados para permitir o seu uso por dúas ou máis persoas asemade. Debe ter boa ventilación para evitar os fungos nas paredes e un piso impermeable e ventilado á vez, para que a auga que se poida derramar non afecte á estrutura de madeira do piso.

### 45. E as instalacións que precisan?

Ao baño debe chegar auga corrente e do baño debe saír auga usada. A auga quente pódese producir no propio baño mediante un termo eléctrico colocado do xeito xusto ou fóra del, tamén mediante unha caldeira de gas ou gasóleo ou outros sistemas alternativos. As canalizacións que precisa deben ser do material apropiado (hai moitos diferentes) e en ningún caso deben introducirse nos muros de pedra do edificio para evitar danalos con rozas ou buratos.